



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Sergas está a derivar pacientes psiquiátricos menores de 65 anos ás residencias de maiores da Xunta de Galicia, a pesar de que estes centros carecen de persoal especializado, nin médicos nin enfermaría, en enfermidades mentais. Tampouco existen protocolos específicos. A situación é, segundo alertan traballadoras do sector, explosiva.

A convivencia resulta difícil, as instalacións non están adaptadas e carecen de profesionais adecuados para o labor xa que unha residencia de maiores non pode ser alternativa a un hospital psiquiátrico.

Esta situación estalou finalmente na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, unha das maiores residencias de xestión pública da Xunta de Galicia con 284 prazas. O persoal denuncia a situación sustentable pola deterioración das instalacións e o ingreso sen protocolos claros de pacientes psiquiátricos en plantas con anciáns dependentes. A situación, segundo denuncian os traballadores e traballadoras, xa está a provocar conflitos entre residentes e traballadores.

De ningún modo estamos a estigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental, pero debe de ser compatible cos pacientes xeriátricos, que teñen tamén unhas características, necesidades e dependencias diferentes. A chegada de pacientes psiquiátricos ás mesmas plantas, corredores ou





habitacións que anciáns e anciás dependentes con patoloxías propias da idade complica o día a día do centro.

Por tanto, para que esa convivencia sexa posible é necesario que as instalacións sexan adecuadas, pero sobre todo hai que ter protocolos adecuados, débense de impartir aos persoal cursos de aprendizaxe para tratar cos pacientes psiquiátricos e dispor de persoal suficiente para facer fronte á carga de traballo resultante, que non é a mesma para todos os graos de dependencia e debería ser máis alta para os perfís psiquiátricos.

Por contra a Consellería de Política Social límtase a dicir que compaxina a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios remitíndose á creación de unidades psicoxeriátricas especializadas, pero que non existen en todas as residencias onde hai enfermos de saúde mental.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros con respecto aos residentes xeriátricos e psicoxeriátricos?
2. Dispón a Xunta de Galicia de protocolos de actuación para a atención de enfermos de saúde mental nas residencias xeriátricas?
3. É a dotación de RRHH da Residencia Asistida de maiores de Oleiros suficiente para dar unha atención adecuada aos distintos tipos e características de residentes en función da súa dependencia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 11:31:01
Nº Rexistro: 16237
Data envío: 07/01/2025 11:31:01.869

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 05/01/2025 18:12:40

Silvia Longueira Castro na data 05/01/2025 18:12:50

Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2025 18:12:59

CSV: REXISTRO-oFCmRY4a4-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG

